

ALGERNON BLACKWOOD

Os salgueiros

Traducido por Alejandro Tobar



Hugin e Munin

CAPÍTULO I

Tras abandonar Viena, moito antes de chegar a Budapest, o Danubio intérnase nunha rexión de senlleira soidade e desolación, onde as augas, lonxe de se cinguir ao leito, se dispersan a torto e a dereito até conformaren un pantano de millas e millas, cuberto por un extenso mar de achaparrados salgueiros. Nos mapas máis minuciosos, esta zona desértica aparece pintada dun azul pálido, cor que vai esvaecendo a medida que se deixan atrás os treitos sinuosos; e, sobreposta, pode lerse a palabra *Sümpfe*, que significa «tremedais».

Nos períodos de asolagamento dos terreos, estes bancos de area, croios e illas entupidas de salgueiros quedan alagados case por enteiro, mais o tempo restante os arbustos brandean e renxen por efecto dos ventos, mostrando as súas follas prateadas nunha planicie de beleza que resulta desconcertante e en constante axitación. Os salgueiros endexamais acadan a natureza de árbores; carecen dun tronco ríxido e non son senón sinxelos arbustos de cimas arredondadas e tenues siluetas, sempre a oscilar sobre eses talos finos que o vento abalea coma se de herba se tratase; tan cambiantes son as formas do arboredo, que dá a impresión de que a chaira ten alma, de que está viva, pois a forte aireada envía ondas que se alzan

e descenden sobre a superficie; ondas de follas no canto de auga, verdes elevacións, coma no mar, até que a enramada se ergue e tronza, e entón as ondas dan volta e amosan o reverso das follas á luz do sol.

Ledo por escapar do control das ríxidas ribeiras, aquí o Danubio erra a pracer entre intrincadas redes de canles que se entrecruzan coas illas e con amplas avenidas polas que a auga discorre con estrondo, arremuiñándose en vórtices e escumosos rápidos, batendo contra os bancais, arrastrando terróns das marxes e grupos de salgueiros, formando novas e numerosas illas que cambian seguido de tamaño e forma, e que posúen, todo o máis, unha vida fugaz, habida conta de que, coas ametencias, a súa existencia chega á súa fin.

Dito ás claras, esta fascinante etapa do curso fluvial comeza ao abandonar Pressburg¹; e nós, na nosa canoa canadense, coa tenda de campaña e a tixola a bordo, alcanzámola na crista dunha enchente de mediados de xullo. Esa mesma mañá, co veo encarnado que precede a alborada, escorregáramos a través dunha Viena aínda dormente, para, ao cabo dun par de horas, deixala atrás coma se dun borrancho fumarento contra os outeiros azuis de Wienerwald se tratase. Almorzáramos preto de Fischeramend, baixo un bidueiral mexido polo vento, e a seguir a forte corrente arrastrounos alén de Orth, Hainburg, Petronell –a antiga Carnuntum romana de Marco Aurelio–, para continuarmos baixo os salagres bisos do Thelsen nun cordal dos Cárpatos, onde o río March pe-

¹O texto en galego mantén fielmente o uso dos topónimos que fixo Algernon Blackwood, isto é, a escolla é sempre a súa. Así, por exemplo, Pressburg (topónimo en lingua alemá) é a opción preferente para se referir a Bratislava (mesma escrita para inglés e galego). Ou March, o nome alemán preferido polo autor para o río que en galego, e tamén na lingua inglesa, é coñecido como Morava.

